



D. Francisco J. Ogando González expón que existe un erro no estamento ao que pertence xa que no acta aparece como "Estamento de Adestradores", cando o correcto é "Estamento de Árbitros".

D. Antonio Nieto Velado tamén expón que existe varios erros no punto 5 da orde do día, concretamente nas propostas que se levarían na enquisa aos clubs: o aumento de números de equipos na División de Honra sería de 12 a 20 equipos e non 16 como reflexa o acta. E que a Asemblea onde se presentarían os resultados da enquisa, votárase entre as dúas propostas máis votadas polos clubs.

Deixando constancia desas rectificacións, lévase a cabo a votación:

Votos a favor: 24

Ausencias: 2

2. **Comunicación de designación de órganos auxiliares de goberno.**

O Sr. Presidente comunica aos asistentes os órganos auxiliares de goberno e expón que é a Asemblea quen, según os Estatutos da FEGAXA, aproba a creación de órganos territoriais da mesma; pero como a designación é de órganos xa existentes, só dase a coñecer os mesmos:

1. COMITÉ DE COMPETICIÓN:

Cargo	Nome
XUÍZ ÚNICO	D. JESÚS ÁNGEL VÁZQUEZ FORNO

2. COMITÉ DE APELACIÓN:

Cargo	Nome
PRESIDENTE	D. ANTONIO NIETO VELADO
VOGAL	D. ANXO BOAN RODRIGUEZ
VOGAL	D. FRANCISCO JAVIER OGANDO GONZALEZ

3. COMITÉ DE ÁRBITROS:

Cargo	Nome
PRESIDENTE	D. FRANCISCO JAVIER OGANDO GONZALEZ
VOGAL	D <sup>a</sup> . JUANA M <sup>a</sup> MARTÍNEZ FERNÁNDEZ
VOGAL	D. EVARISTO RODRÍGUEZ LÓPEZ

4. COMITÉ DE ADESTRADORES:

Cargo	Nome
PRESIDENTE	D. JACOBO CASELAS CABANAS
VOGAL	D <sup>a</sup> . YUDANIA HERNÁNDEZ ESTÉVEZ
VOGAL	D. DIEGO ADRIÁN ESPÍNEIRA GONZÁLEZ

3. **Memoria Deportiva 2022. Aprobación, se procede.**

Publicada na web federativa con anterioridade copia do acta anterior e comentada se hai alguna dúbida ou cuestión ao respecto.

Non habendo ningunha dúbida, pásase á votación:

Votos a favor: 24

Ausencias: 2

4. **Ratificación do Presuposto 2023. Aprobación, se procede.**

Preséntase o orzamento aprobado pola Comisión Delegada o pasado 20 de Xaneiro de 2023 e presentado á Secretaría Xeral para o Deporte para poder realizar o convenio correspondente para a actual tempada 2023.

D. Daniel Codesido Sánchez pregunta a partir de qué momento coñeciase o reparto do orzamento e por que non se presentou este orzamento á Asemblea con anterioridade.



D. Gaspar Pérez Carnero expón que nos anteriores anos o orzamento apróbase nunha Asemblea Extraordinaria a final de ano, pero no 2022, debido ao proceso electoral e o retraso que elo levou para a organización das competicións oficiais, foi a Comisión Delegada quen o aprobou para poder presentalo á Secretaría Xeral para o Deporte, tal e como se expuso anteriormente.

D. Brais Otero Nogueira pregunta por qué é a Liga Galega a competición que maior partida orzamentaria ten. O Sr. Presidente respota que o maior gasto da Liga Galega son as licenzas deportivas. Tamén está reflexado nesa partida a avaliación de Elo Fide das diferentes categorías, honorarios do árbitro que realiza os informes, as licenzas de árbitros e adestradores, etc.

D. Ángel Penalonga Sweers suxire un maior desglose nas partidas orzamentarias.

D. Gaspar Pérez explica que xa nas contas anuais aparece desglosada cada partida.

D. Jesús A. Vázquez Forno expón que canto máis se detalle o orzamento máis problemas habería á hora de ter que modificar as subpartidas de cada programa.

Non habendo máis dúbidas, pásase á votación.

Votos a favor: 24

Ausencias: 2

### **Anexo I – Presuposto 2023.**

#### **5. Contas anuais 2022. Aprobación, se procede.**

Publicadas na web federativa con anterioridade pregúntase se hai alguna dúbida ou cuestión ao respecto.

D. Francisco J. García Veiras expón que na partida de licenzas de adestradores aparece un ingreso maior do que realmente sería se se recollen os datos reflexados na memoria deportiva do número de licenzas nese estamento.

Tamén pregunta polo aumento no orzamento no Campionato de España de Seleccións do CSD no ano 2022, xa que estaba orzamentado 4750,00 € e o gasto total é de 8274,54 €.

O Sr. Presidente expón que no programa do Campionato de España do CSD (Programa 3) orzaméntase a partida recibida pola SXD, e o resto xustifícase como actividade ordinaria.

D. Francisco J. García Veiras expón a súa disconformidade das contas anuais xa que non reflexan a realidade. Existen descuadres en varias partidas por parte da Asesoría que leva as contas.

D. Gaspar Pérez Carnero infórmalle que a Federación, actualmente, é unha das federacións que está no proceso de auditar as contas do 2022 e se a empresa auditora notifica alguna salvedad nas mesmas, levaríase a cabo o seu arranxo.

Non habendo máis dúbidas, pásase á votación:

Votos a favor: 22

En contra: 3

Ausencias: 1

### **Anexo II – Balance de situación e Anexo III – Pérdidas e ganancias.**

#### **6. Cotas licenzas deportivas 2024. Aprobación, se procede.**

Preséntanse as cotas para a vindeira tempada 2024, informando que a última subida que se realizou nese aspecto foi no 2015 para a tempada 2016.

As cotas serían:



Inscripción de Club (Exentos clubs nova creación)		85,00 €	x	1	club
Inscripción de Equipos	División de Honra	135,00 €	x		equipo
	Primeira División	105,00 €	x		equipos
	Segunda División	75,00 €	x		equipos
	Terceira División	25,00 €	x		equipos
	Cuarta División	20,00 €	x		equipos
Inscripción de Xogadores (Inclúe Seguro Deportivo)	Maior de 14 anos	15,00 €	x		xogadores
	Menor ou Igual de 14 anos	5,00 €	x		xogadores
	Xogador Independente	50,00 €			

Non habendo dúbidas ao respecto, pásase á votación.

Votos a favor: 25

Ausencias: 1

7. **Análise da liga galega e outras competicións. Propostas de modificacións. Aprobación, se procede.**

Unha das propostas que se presentan é determinar os premios a entregar nos Campionatos Galegos de Idades (Sub-08 a Sub-18), masculino e feminino.

O exemplo a seguir son os Campionatos Nacionais e Internacionais, para evitar polémicas súxírese seguir a liña dos Campionatos de España: clasificación xeral open levando trofeo os 3 primeiros xogadores chicos e as 3 primeiras xogadoras chicas. Se a xogadora entra dentro das primeiras prazas, levaríase dous trofeos: pola clasificación Xeral e o correspondente trofeo feminino.

O xadrez é un deporte onde todos os xogadores compiten en igualdade de condicións.

Tras debatir a suxerencia, D. Julio Suárez Gómez propón premiar aos 3 primeiros clasificados indiferente do sexo e, a maiores, un premio feminino ás 3 primeiras clasificadas para potenciar o deporte feminino.

Propónse á votación de varias propostas, informando que para optar ás becas aos Campionatos de España tanto os xogadores como as xogadoras deberán conseguir un mínimo do 50% da puntuación total.

- **Proposta 1:** manter o que está: 8 premios aos 8 primeiros clasificados indiferente do sexo.

Votos a favor: 2

- **Proposta 2 (como á FEDA):** torneo open con clasificación xeral levando trofeo os 5 primeiros clasificados e as 3 primeiras xogadoras. Se ésta clasifica nas primeiras prazas, levaríase dous trofeos: pola clasificación xeral e o correspondente trofeo feminino.

Votos a favor: 11

- **Proposta 3:** torneo open con clasificación xeral con 3 trofeos para os 3 primeiros xogadores chicos e 3 trofeos para as tres primeiras xogadoras. Non acumulativos.

Votos a favor: 3

- **Proposta de D. Julio Suárez Gómez:** torneo open con trofeo aos 3 primeiros clasificados indiferente do sexo e, a maiores, un premio feminino ás 3 primeiras clasificadas.

Votos a favor: 5

Existen 5 abstencións neste punto.



Tras a votación realizada, é a proposta que está levando a cabo á Federación Española nos Campionatos de España: torneo open con clasificación xeral levando trofeo os 5 primeiros clasificados e as 3 primeiras xogadoras. Se ésta clasifica nas primeiras prazas, levaríase dous trofeos: pola clasificación xeral e o correspondente trofeo feminino.

Se a Federación Española de Ajedrez modifica algo con respecto aos trofeos en ben da igualdade, diversidade, etc; debería a FEGAXA adoptar esa línea.

Lévase a cabo o análise da Liga Galega.

D. Jose M<sup>º</sup> Dorado Reboredo foi o encargado de levar a cabo a enquisa e recoller os resultados que enviaron os clubs. O resultado da mesma non aportou ningunha tendencia clara ao respecto da estrutura, número de taboleiros de cada categoría; xa que non existiu unha resposta maioritaria. O que sí votou a maioría (+75 %) foi na NON alineación de taboleiro feminino e xuvenil.

As opcións máis votadas e as que se levarían a Asemblea para a súa votación, tal e como está reflexado no acta anterior, votaríase entre 4 ou 6 taboleiros na División de Honra e o número de equipos que formaría a División de Honra (12 equipos onde descenderían 4 equipos, 16 equipos onde descenderían 4 equipos ou 20 equipos en 2 grupos de 10 equipos cada un con playoff e 2 descensos de cada grupo).

O Club Xadrez Fontecarmoa, a través do seu xogador D. Julio Suárez Gómez quere presentar unha proposta aos asembleístas do Club Xadrez Fontecarmoa.

D. Antonio Nieto Velado non está dacordo cá maneira de presentación desa proposta, tería que aparecer en rogos e preguntas para que conste en acta e presentala na seguinte asemblea. Presentouse na anterior Asemblea unha proposta asinada polo 20% dos asembleístas e acordouse que se votaría as 2 propostas máis votadas polos clubs que contestaron a enquisa enviada.

D. Pablo Castro Girona solicita os datos da enquisa xa que non se coñecen os resultados, qué clubs participaron e cantos clubs con equipos en División de Honra ou en Primeira contestaron.

O Sr. Presidente informa que a enquisa non é significativa xa que de 89 clubs que están dados de alta, só participaron 23. Xa os resultados non dan lugar a ningunha modificación.

Agora son outras propostas en base ás consultas realizadas para modificar a estrutura da Liga, número de taboleiros, etc.

D. Antonio Nieto Velado lembra que na anterior asemblea acordouse que se votaría as 2 propostas máis votadas polos clubs que contestaron a enquisa enviada.

D. Walter López Rodríguez expón que na última reunión da Xunta Directiva hubo unha proposta para os premios femininos para os Campionatos Galegos e non foi unha das propostas votadas, e D. Julio Suárez presenta "in situ" unha nova proposta e tense en conta para a votación.

D. Gaspar Pérez Carnero explica que na orde do día aparece "análise da liga galega e outras competicións. Propostas de modificacións. Aprobación, se procede".

Non habendo consenso entre os asistentes nas propostas recibidas para o análise da liga galega, D. Jesús A. Vázquez Forno informa aos presentes que se a Asemblea decide que as tres propostas remitidas son a considerar, é obvio que se pode realizar a votación.

Realízase unha votación, atendendo ao exposto por D. Jesús A. Vazquez Forno, para decidir si só se terá en conta as dúas propostas máis votadas na enquisa realizada aos clubs (como solicita D. Antonio Nieto Velado) ou se terase en conta, a maiores, unha das propostas presentada polo Club Xadrez Fontecarmoa da creación dunha categoría Preferente (intermedia entre División de Honra e Primeira División).

5 votos a favor de só votar as dúas propostas máis votadas na enquisa realizada aos clubs.

16 votos a favor de que se inclúa a nova proposta (dúas máis votadas da enquisa + a proposta do Club



Xadrez Fontecarmoa).

1 Abstención.

4 Ausencias.

Trala votación as opcións que se varaxan para a estrutura/distribución da Liga e que se leva a votación son:

- **Opción 1:**

- o División de Honra formado por 1 grupo de 12 equipos con 4 descensos.
- o Resto de categorías igual.

*2 votos a favor*

- **Opción 2:**

- o División de Honra formado por 2 grupos de 10 equipos cada un e un Play Off entre os primeiros clasificados de cada grupo para determinar o Campión e 2 equipos descenden de cada grupo.
- o Resto de categorías igual.

*4 votos a favor*

- **Opción 3 – Club Xadrez Fontecarmoa:**

- o División de Honra formado por 1 grupo de 12 equipos con 3 descensos.
- o Crear a categoría de Preferente formado por 20 equipos (2 grupos de 10 equipos). Con ascenso dos primeiros clasificados de cada grupo e un Play Off entre os segundos clasificados. Descenderían 4 equipos (2 por cada grupo). Non habería filiais ao igual que na División de Honra.
- o Resto de categorías igual.

*18 votos a favor*

Existen 2 *abstencións* nesta votación.

Que aprobada a nova reestruturación para a Liga 2025 (opción 3). Os primeiros clasificados de Primeira División 2024 ascenderían a División de Honra para o 2025. Os equipos que descendan de División de Honra no 2024, xogarían na categoría preferente 2025; completándose cós equipos que queden de Primeira División (2º, 3º, 4º clasificados, etc).

Outra das opcións a votar é o número de taboleiros en División de Honra e na nova categoría de Preferente:

- **Opción 1:** Número de taboleiros na División de Honra 2025:

6 taboleiros – 16 votos a favor

4 taboleiros – 9 votos a favor

1 Abstención.

- **Opción 2:** Número de taboleiros na Preferente 2025:

6 taboleiros – 17 votos a favor

5 taboleiros – 0 votos a favor

4 taboleiros – 2 votos a favor

7 Abstencións.

Trala votación queda a División de Honra 2025 de 6 taboleiros e Preferente 2025 de 6 taboleiros.

Por maioría queda posposto a opción do taboleiro feminino e xuvenil, así como as diferentes modificacións do Regulamento Xeral de Competicións para unha AXE.





## FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

ANO 2023

ORZAMENTO DETALLADO POR PROGRAMAS.			
GASTOS		ORZAMENTO	
<b>P.1.-</b>	<b>GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.</b>	<b>32.200,00 €</b>	26,39%
1.-	Gastos de persoal.	27.000,00 €	
1.1.	Persoal administrativo,Seguridade Social, IRPF.	21.000,00 €	
1.2.	Asembleas,xuntas directivas,comisións delegadas e outras.	1.500,00 €	
1.3.	Dietas de directivos,administrativos,técnicos e outros.	4.500,00 €	
2.-	Gastos en bens correntes e servizos.	5.200,00 €	
2.1.	Correos e mensaxería.	400,00 €	
2.2.	Material de oficina.	900,00 €	
2.3.	Xestións páxina web e programas informáticos.	200,00 €	
2.4.	Telefono e internet.	800,00 €	
2.5.	Gastos de asesoría.	1.200,00 €	
2.6.	Gastos financeiros.	200,00 €	
2.7.	Primas de seguros.	900,00 €	
2.8.	Gastos de auditoría.	0,00 €	
2.9.	Outros gastos.	600,00 €	
<b>P.3.-</b>	<b>CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SELECCIÓNCS CSD.</b>	<b>5.600,00 €</b>	4,59%
1.	Campionatos de España de Seleccióncs Sub-14, Sub-16.	5.600,00 €	
<b>P.4.-</b>	<b>ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.</b>	<b>84.200,00 €</b>	69,02%
1.	Campionatos galegos infantil e xuvenil.	5.000,00 €	
2.	Campionatos galegos prebenxamin,benxamin,alevin,cadete,absolutos.	14.000,00 €	
3.	Campionato Galego Individual Xadrez Rapido.	400,00 €	
4.	Campionato Galego Individual Xadrez Relampago.	400,00 €	
5.	Campionatos Provinciais.	2.900,00 €	
6.	Liga Galega,programas de xestion deportiva.	35.000,00 €	
7.	Copas Galicia de clubs.	1.200,00 €	
8.	Circuito Galego Escolar de Promocion.	1.500,00 €	
9.	Circuito Internacional Galego.	5.000,00 €	
10.	Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.	600,00 €	
11.	Participación deportistas nos Campionatos de España.	9.000,00 €	
12.	Participación dos clubs nos Campionatos de España.	1.200,00 €	
13.	Participación das Seleccióncs galegas.	1.000,00 €	
14.	Outras actividades.	500,00 €	
15.	Adestramentos por internet.	3.000,00 €	
16.	Concentracióncs deportivas.	1.000,00 €	
17.	Outras actividades, fomento e promoción deportiva.	500,00 €	
18.	Cursos de Arbitros.	500,00 €	
19.	Cursos de Monitores-Adestradores.	500,00 €	
20.	Seminario de Arbitros e Adestradores.	500,00 €	
21.	Outros Cursos.	500,00 €	
<b>P.6.-</b>	<b>OUTROS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA.</b>	<b>0,00 €</b>	0,00%
<b>GASTOS TOTAIS :</b>		<b>122.000,00 €</b>	

INGRESOS		ORZAMENTO	
1.	Secretaría Xeral para o Deporte	59.073,00 €	48,42%
2.	Licencias individuais e cuotas de entidades Federadas	52.000,00 €	42,62%
3.	Cuotas de inscrición a Cursos e outros.	5.000,00 €	4,10%
4.	Campionatos e torneos.	4.000,00 €	3,28%
5.	Outros ingresos.	1.927,00 €	1,58%
<b>INGRESOS TOTAIS :</b>		<b>122.000,00 €</b>	





## CUENTA DE PERDIDAS Y GANANCIAS

### FEDERACIÓN GALLEGA DE AJEDREZ

Período: 01-01-2022 / 31-12-2022; Período N-1: 01-01-2021 / 31-12-2021.-

Fecha: 31-12-2022

(Importes en euros)

PERDIDAS Y GANANCIAS	Ejercicio 202	Ejercicio 2021
<b>1. Ingresos por actividad ordinaria.</b>	<b>78.482,00</b>	<b>48.303,00</b>
701. Licencias deportistas, árbitros, entrenadores, clubs, equipos.	55.925,00	36.193,00
703. Docencia, cursos, tecnificación.	1.380,00	4.980,00
706. Competiciones, torneos, actividad deportiva.	20.577,00	7.130,00
709. Otros ingresos.	600,00	
<b>5. Otros ingresos de explotación.</b>	<b>59.808,00</b>	<b>63.153,24</b>
740. Subvenciones y donaciones de explotación del ejercicio.	59.808,00	63.153,24
<b>6. Gastos de personal.</b>	<b>- 20.713,49</b>	<b>- 20.124,08</b>
64. Gastos de Personal.	- 20.713,49	- 20.124,08
<b>7. Otros gastos de explotación.</b>	<b>- 115.059,07</b>	<b>- 82.657,88</b>
62. Servicios exteriores.	- 13.548,07	- 14.341,05
631. Otros tributos.		- 5,18
65. Otros gastos de gestión corriente y organización de competiciones.	- 101.511,00	- 68.311,65
<b>8. Amortización del inmovilizado.</b>	<b>- 10.313,31</b>	<b>- 13.009,15</b>
68. Dotaciones para amortizaciones.	- 10.313,31	- 13.009,15
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN.</b>	<b>- 7.795,87</b>	<b>- 4.334,87</b>
<b>B) RESULTADO FINANCIERO.</b>		
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS.</b>	<b>- 7.795,87</b>	<b>- 4.334,87</b>
<b>D) RESULTADO DEL EJERCICIO.</b>	<b>- 7.795,87</b>	<b>- 4.334,87</b>



**BALANCE DE SITUACIÓN****FEDERACIÓN GALLEGA DE AJEDREZ**

Período: 01-01-2022 / 31-12-2022; Período N-1: 01-01-2021 / 31-12-2021.- Fecha: 31-12-2022

(Importes en euros)

**ACTIVO**

DESCRIPCIÓN	Ejercicio 2022	Ejercicio 2021
<b>A) ACTIVO NO CORRIENTE.</b>	<b>2.772,96</b>	<b>5.551,27</b>
<b>II. Inmovilizado material.</b>	<b>2.772,96</b>	<b>5.551,27</b>
21. Inmovilizaciones materiales.	77.353,54	69.818,54
281. Amortización acumulada del inmovilizado material.	- 74.580,58	- 64.267,27
<b>B) ACTIVO CORRIENTE.</b>	<b>47.767,79</b>	<b>34.708,48</b>
<b>II. Deudores por operaciones de actividad entidades deportivas.</b>	<b>17.008,00</b>	<b>2.665,00</b>
<b>1. Afiliados y otras entidades deportivas.</b>	<b>2.478,00</b>	<b>2.665,00</b>
431. Clubes y entidades deportivas por licencias.	2.427,00	2.284,00
433. Federados y entidades deportivas.	51,00	381,00
<b>3. Otros deudores.</b>	<b>14.530,00</b>	
44. Deudores varios, entidades públicas.	14.530,00	
<b>VI. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes.</b>	<b>30.795,79</b>	<b>32.043,48</b>
57. Tesorería.	30.759,79	32.043,48
<b>TOTAL ACTIVO.</b>	<b>50.540,75</b>	<b>40.259,75</b>

**PATRIMONIO NETO Y PASIVO**

DESCRIPCIÓN	Ejercicio 2022	Ejercicio 2021
<b>A) PATRIMONIO NETO.</b>	<b>30.912,98</b>	<b>38.708,85</b>
<b>A-1) Fondos propios.</b>	<b>30.912,98</b>	<b>38.708,85</b>
<b>I. Fondo social.</b>	<b>38.708,85</b>	<b>43.043,72</b>
1. Fondo social estatuario.	38.708,85	43.043,72
101. Fondo social Federación Galega de Xadrez.	38.708,85	43.043,72
<b>VII. Resultado del ejercicio.</b>	<b>- 7.795,87</b>	<b>- 4.334,87</b>
129. Resultado del ejercicio.	- 7.795,87	- 4.334,87
<b>C) PASIVO CORRIENTE.</b>	<b>19.627,77</b>	<b>1.550,90</b>
<b>IV. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar.</b>	<b>19.627,77</b>	<b>1.550,90</b>
1. Proveedores.	14.697,94	
400. Proveedores.	14.697,94	
2. Otros acreedores.	4.929,83	1.550,90
41. Acreedores varios.	4.168,13	845,16
438. Anticipos de entidades deportivas.		213,00
475. Hacienda Pública, acreedora por conceptos fiscales.	250,38	
476. Organismos de la Seguridad Social, acreedores.	511,32	492,74
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO.</b>	<b>50.540,75</b>	<b>40.259,75</b>

Ejercicio 2022



Página 5 de 24